

MEDIDAS PREVENTIVAS PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DA COVID-19 (22 outubro – 4 novembro)¹

1. MEDIDAS XERAIS

- Limitacións nas agrupacións de persoas a un *máximo de 5*, para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados.
- Estas limitacións non serán aplicables nos caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, así como ás relativas a educación e formación; sempre e cando se respecten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN:

- No interior dos locais a ocupación máxima será do *50%* da súa capacidade e dun *75%* das mesas nas terrazas ao aire libre.
- Non se pode consumir nas barras.
- A ocupación máxima por mesa ou agrupacións de mesas será de *5 persoas*, respectando sempre a distancia interpersonal entre elas e o consumo no interior do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa.
- A clientela soamente poderá quitar a máscara no momento do consumo.
- A hora límite de peche fíxase na *01:00 horas*, sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente dende as *00:00 horas*.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO:

- As zonas comúns tanto de hoteis como de aloxamentos turísticos poderán estar ao *50%* da súa capacidade.
- Nos albergues polas súas características permitirase o aforo máximo do *50%*.

¹ Adaptadas á ORDE do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. RESTRICCIÓNES ESPECIAIS NA COMARCA DE SANTIAGO:

- Estas restricións serán de aplicación no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (Parroquia de Biduído, Santa María, no concello de Ames)
- Limitacións nas agrupacións de persoas a un máximo de cinco e soamente persoas convivintes.
- Estas limitacións non serán aplicables nos caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, así como ás relativas a educación e formación; sempre e cando se respecten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- Os restaurantes non poderán superar o 50% da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.
- O consumo poderá realizarse unicamente sentado na mesa, e non está permitido o consumo na barra nin o uso da zona de cafetería ou bar.
- Nos bares e cafeterías non está permitido o consumo no interior dos locais.
- A ocupación máxima por mesa ou agrupacións de mesas será de 5 persoas convivintes, respectando sempre a distancia interpersonal entre elas.
- As terrazas ao aire libre limitarán a súa capacidade ao 50% das mesas permitidas no ano anterior con base a licenza municipal.
- A clientela soamente poderá quitar a máscara no momento do consumo
- A hora límite de peche fíxase na *01:00 horas*, sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente dende as *00:00 horas*.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO:

- As zonas comúns tanto de hoteis como de aloxamentos turísticos poderán estar ao 50% da súa capacidade.
- As actividades de animación ou clases grupais máximo 5 persoas sexan ou non convivintes incluídos os monitores.
- Aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características permitirase unha capacidade máxima do 50 %.

3. RESTRICCIÓNES ESPECIAIS NOS CONCELLOS DE OURENSE:

3.1 MEDIDAS DE PREVENCIÓN NA COMARCA DO CARBALLIÑO

- Estas restriccións serán de aplicación no Inclúe os concellos de Beariz, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- No interior dos locais, unha ocupación dun 50% do aforo.
- Non está permitido o consumo na barra.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 75 % das mesas.
- A ocupación máxima será de 5 persoas, respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.
- Os clientes poden quitar a máscara exclusivamente no momento do consumo.
- Deberán pechar non máis tarde da 01.00 horas sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO:

- Zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos: 50% da súa capacidade.
- As actividades de animación ou clases grupais máximo 5 persoas sexan ou non conviventes.
- Aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características permitírase unha capacidade máxima do 50%.

3.2 MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS PARA OS CONCELLOS DE BOBORÁS , O CARBALLIÑO E O IRIXO.

- **PECHE DAS ACTIVIDADES.**
- **PERMITESE A ENTREGA A DOMICILIO**
- **PERMITESE RECOLLIDA NO LOCAL PARA CONSUMO NO DOMICILIO**

3.3 MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS PARA OS CONCELLOS DE VERÍN, OIMBRA E VILARDEVÓS.

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- No interior dos restaurantes, unicamente sentados nas mesas: unha ocupación dun 50% do aforo.
- Nos bares e cafeterías non está permitido o consumo no interior dos locais.

- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 50 % das mesas.
- A ocupación máxima das mesas ou agrupacións de mesas será de 5 persoas todas elas convivintes.
- Os clientes poden quitar a máscara, exclusivamente no momento do consumo.
- Peche dos locais as 01:00 horas sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente desde as 00:00 horas.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURISTICO

- Zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos: 50% da súa capacidade.
- As actividades de animación ou clases grupais máximo 5 persoas sexan o no convivintes, incluídos os monitores.
- Aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características permitírase unha capacidade máxima do 50 %.

3.4 MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS PARA OS CONCELLOS DE OURENSE E BARBADAS

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN

- No interior dos restaurantes, unicamente sentados nas mesas: unha ocupación dun 50% do aforo.
- Nos bares e cafeterías non está permitido o consumo no interior dos locais.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 50 % das mesas.
- A ocupación máxima das mesas ou agrupacións de mesas será de 5 persoas todas elas convivintes.
- Os clientes poden quitar a máscara, exclusivamente no momento do consumo.
- Peche dos locais as 01:00 horas sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente desde ás 00:00 horas.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURISTICO

- Zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos: 50% da súa capacidade.
- As actividades de animación ou clases grupais máximo 5 persoas sexan o no convivintes, incluídos os monitores.
- Aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características permitírase unha capacidade máxima do 50 %.